

LISTAS DE AGARDA

AS LISTAS DE AGARDA POÑEN EN RISCO A NOSA SAÚDE **Son a desculpa para desviar cartos á sanidade privada**

O Conselleiro de Sanidade sabe que as listas que se publican non son as reais e todas e todos sabemos os procedementos que utilizan para ocultar un número moi importante de persoas concretas que están agardando por unha consulta, unha proba ou unha intervención cirúrxica. **E o Conselleiro sabe que o sabemos!**

Exiximos deixar de discutir dos números, exiximos coñecer os datos reais das persoas que están en calquera lista de agarda ou á espera de citacións!

Queremos falar das solución para este problema real, das solucións desde a Sanidade Pública.

Por iso reclamamos máis transparencia e máis recursos públicos:

1. **Xestionar as Listas de Agarda de maneira transparente**, publicando tódalas persoas incluídas nas mesmas e os criterios para establecer as prioridades.
2. Crear un **Plan Especial de xestión das listas de agarda**, incrementando os recursos orzamentarios públicos que garantan máis estrutura pública e máis persoal no SERGAS.
3. **Acabar coa marxinación da Atención Primaria**, incrementando o seu orzamento ata chegar ao 25%, garantindo a accesibilidade en todo o noso territorio.
4. Aplicar unha **política de xestión das persoas** que traballamos na sanidade pública **xusta e incentivadora**, **potenciando a dedicación exclusiva á sanidade Pública**.

mobilízate o xoves 12 de xuño

SOS
sanidade
pública